
Ruta de a Fraga
Concello de San Xoan de Río


Albergue
"OS BIOCOS"
SANXURXO
Fonte
SAN MIGUEL
Capela
Fervenza
SAN XOAN
DE RÍO
Miradoiro
DOMECELLE
MOURUÁS
Aula da Natureza
Hortas urbanas
Castiñeiros
Rebolos
Aciñeiras
Amorodos silvestres
Ruta

# O CARBALLO

O Carballo é unha árbore real, colocada no centro do Paraíso, vixiador das nosas vidas e das nosas conciencias.
Por iso, o lóstrego e o trebón son os seus sinais visibles.
É un símbolo de poder e a enerxía e o seu bosque encerra toda a sabedoría e a máxia dos antigos habitantes.
O Carballo ten un verdadeiro séquito de árbores e plantas ás que coida (repara nos liques, o visgo, os fentos, os fungos).
É acobillo de multitude de insectos que se crían dentro das súas bugallas (pelotiñas escuras que semellan froitos).
As paredes desa especie de grande incubadora son resistentes e protexen as larvas ata que son cabpaces de saíren ó mundo exterior.
O Carballo dálle sombra benfeitora e alimento a moitos animais do bosque. Proporciona madeira de gran valor.

# *EL ROBLE*

*El roble es un árbol real, colocado en el centro del Paraíso, vigilante de nuestras vidas y nuestras conciencias.*
*Pore eso, el relámpago y el trueno son sus señales visibles.*
*Es un símbolo del poder y la energía y su bosque encierra toda la sabiduría y la mágia de los antiguos habitantes.*
*El roble tiene un verdadero séquito de árboles y plantas a las que cuida (observa los musgos, el muérdago, los helechos, los hongos).*
*Es cobijo de multitud de insectos que se crían dentro de sus "agallas" (pelotitas oscuras que parecen frutos).*
*Las paredes de esa especie de gran incubadora son resistentes y protegen a las larvas hasta que son capaces de salir al mundo exterior.*
*El roble da una sombra bienhechora y alimento a muchos animales del bosque. Proporciona madera de gran valor.*

# OBXECTIVOS DA RUTA

Descubrir o corazón da fraga e contemplala en todo o seu esplendor.
Rastrear entre as árbores (carballos ou castiñeiros) as pegadas dos trasnos, de quen se nos explica a lenda na paraxe do miradoiro

# *OBJETIVOS DE LA RUTA*

*Descubrir el corazón de la fraga y contemplarla en todo su esplendor.*
*Rastrear entre los árboles (robles y castaños) las huellas de los "trasnos", cuya leyenda se nos explica en el paraje del mirador.*

## PERCORRIDO

Pártese da localidade de Mouruás, onde se facía a celebración da "batalla de mouros e cristiáns", única en Galicia. Segundo a tradición, o Apostolo Santiago choutou co seu cabalo dende Pena Folenche ata ese lugar, deixando a marca dunha gran ferradura gravada na pedra.
Son paraxes sobresaíntes no roteiro, un longo paseo de grandes castiñeiros aliñados que deixa paso despois ó bosque de carballos e chega ata un pintoresco mirador dendo o que se enxerga a fraga en todo o seu esplendor.
Mais adiante tópase unha fervenza rodeada de vexetación silvestre e de froitos saborosos (a destacar os morodos recendentes). Pódese continuar cara á aldea de Domecelle ou ben seguir ata o refuxio de ganadeiros, sempre en medio do boque mesto de

## *RECORRIDO*

*Se parte de la localidad de Mouruás, donde se hacía la celebración de la "batalla de moros y cristianos" única en Galicia. Según la tradición, el Apóstol Santiago saltó con su caballo desde Peña Folenche hasta ese lugar, dejando la marca de una gran herradura grabada en la piedra.*
*Son parajes sobresalientes en la ruta, un largo paseo de grandes castaños alineados que deja paso después al bosque de robles y llega hasta un pintoresco mirador desde el que se contempla la fraga en todo su esplendor.*
*Más adelante se encuentra una cascada rodeada de vegetación silvestre y de frutos sabrosos (a destacar las fresas aromaticas). Se puede continuar hacia la aldea de Domecelle o bien seguir hasta el refugio de ganaderos, siempre en el medio del bosque tupido de robles*

# Ruta de a Fraga

Concello de San Xoan de Río






P. de Trives
Manzaneda
S. Xoan de Río
Chandrexa de Queixa
Deputación Ourense
Ministerio de Economía y Hacienda
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo
Dirección Xeral de Turismo

Patronato de Turismo **TERRAS DE TRIVES** Praza do reloj, S/N . 32780 - Pobra de Trives OURENSE - Telf. Y Fax: 988-330010